

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE RIOTORTO NO FINANCIAMENTO DA CONSTRUCIÓN DA 2ª FASE DA RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES NO EXERCICIO 2026.

Santiago de Compostela, 30 de junio de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Clemente Iglesias González, en calidade de alcalde do Concello de Riotorto, con número de Identificación Fiscal P2705400F, e enderezo na Praza das Rodrigas 1, Riotorto (Lugo), en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo. Que o Estatuto de autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou

dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Terceiro. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Cuarto. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores en situación de dependencia, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Que con carácter específico, lle corresponde, entre outras, a elaboración das políticas dirixidas ás persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Quinto. Que o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, unifica os criterios nos procedementos de concesión, xestión e xustificación das subvencións ás entidades locais galegas para evitar disfuncións administrativas e inseguridade xurídica e establecer unha serie de mecanismos que teñan como principio inspirador a lealdade institucional nas relacións subvencionais entre a Administración autonómica e as entidades locais.

Sexto. De conformidade co previsto artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, letra i), da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas

polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.

d) A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.

e) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.

f) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.

g) A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.

h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.

i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.

j) A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.

k) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente.

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Ao abeiro do artigo 62 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da referida Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

A Xunta de Galicia promoverá a cooperación cos concellos coa finalidade de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que se refire á creación e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos.

Sétimo. O concello de Riotorto está inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais como entidade prestadora de servizos sociais co número E526 e recoñecido como así se determina no art. 66 da Lei 13/2008 do 3 de decembro.

O 45% da poboación do concello ten unha idade superior aos 65 anos o que representa unha parte significativa do total dos seus habitantes; Isto evidencia a necesidade do concello de construír unha residencia de maiores coa que se pretende mellorar a calidade de vida da veciñanza, fomentando a autonomía das persoas maiores e brindándolles atención especializada, o que lles permitirá envellecer na súa contorna comunitaria. As circunstancias particulares deste concello, xunto coa a súa estrutura xeográfica, que complica a dispoñibilidade de servizos ás veciñas e veciños, determina a necesidade da posta en marcha de servizos de carácter asistencial e público dirixidos á atención de persoas maiores en situación de dependencia, para que poidan recibir unha serie de coidados e atencións de carácter persoal, terapéutico e social.

Para a consecución dos fins descritos o concello de Riotorto está a levar a cabo a construción dunha residencia para persoas maiores sita na Rúa da Veiga 1, Riotorto con referencia catastral 0509301PJ4000N0001RJ de 5.279 m² dos que 676 m² do total da superficie destinaranse á construción das plantas soto, baixa e primeira e nas que se repartirán as 37 prazas para as persoas residentes e dúas máis para enfermería.

Oitavo. Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese establecer fórmulas de colaboración para o financiamento das obras de construción da residencia para persoas maiores do Concello de Riotorto.

En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, radica na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve esta actuación que é o Concello de Riotorto,

contribuíndo a mellorar a atención ás persoas maiores do concello proporcionándolles unha atención integral adecuadas ás súas necesidades.

Por todo elo, as partes comparecentes na representación que ostentan

ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O concello de Riotorto está a levar a cabo a construción dunha residencia para persoas maiores sita na Rúa da Veiga, 1 Riotorto, con referencia catastral 0509301PJ4000N0001RJ de 5.279 m² dos que 676 m² do total da superficie destinaranse á construción das plantas soto, baixa e primeira e nas que se repartirán as 37 prazas para as persoas residentes e dúas máis para enfermería, polo que, resulta necesario continuar a colaboración interadministrativa entre ambas as dúas partes para o financiamento da obra.

A primeira parte das obras da devandita Residencia de maiores foron obxecto de financiación nun primeiro convenio firmado no ano 2024 e amparaban actuacións executadas durante ese ano.

Estas actuacións se correspondían coas seguintes partidas, que forman parte do global da obra:

ACTUACIÓNS CONVENIO 2024	
MOVEMENTO DE TERRAS	11.627,34
CIMENTACIÓN	77.634,30
ESTRUTURA	128.011,36
CUBERTA	0
FACHADAS	0
PARTICIÓNS	0
CARPINTERÍA EXTERIOR	0
PAVIMENTOS E TEITOS	0
CARPINTERÍA INTERIOR	0
ACABADOS INTERIORES	0
EQUIPAMENTO	0



SANEAMENTO E EVACUACIÓN DE AUGAS	10998,32
FONTANERÍA	0
CALEFACCIÓN, REFRIXERACIÓN, CLIMATIZACIÓN E A.C.S	0
ELECTRICIDADE	0
ILUMINACIÓN	0
TELECOMUNICACIÓNS	0
INCENDIOS	0
XESTIÓN DE RESIDUOS	3094,14
SEGURIDADE E SAÚDE	6347,71
CONTROL DE CALIDADE	0
13% GASTOS GENERALES	30902,71
6% BENEFICIO INDUSTRIAL	14.262,79
BAJA LICITACIÓN	-2878,67
TOTAL	280.000

Para o cumprimento da finalidade prevista nese convenio a Consellería de Política Social e Igualdade aportou **douscentos oitenta mil euros (280.000,00€)**.

Neste Convenio se va a continuar co financiamento das actuacións, mais concretamente das partidas que forman parte do global da obra para este ano 2026 e que se enumeran na seguinte cláusula.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

Serán subvencionables os investimentos correspondentes ás obras para a construción da residencia de maiores do Concello de Riotorto no ano 2026, que son os seguintes:

ACTUACIÓNS CONVENIO 2026	
ESTRUTURA	0
CUBERTA	0
FACHADAS	61.875,12
PARTICIÓNS	1.288,86
CARPINTERÍA EXTERIOR	0
PAVIMENTOS E TEITOS	39.643,08
CARPINTERÍA INTERIOR	26.176,22
ACABADOS INTERIORES	10.407,50



EQUIPAMENTO	35.723,36
SANEAMENTO E EVACUACIÓN DE AUGAS	2.691,23
FONTANERÍA	1.636,26
CALEFACCIÓN, REFRIXERACIÓN, CLIMATIZACIÓN E A.C.S	33.747,01
ELECTRICIDADE	17.244,45
ILUMINACIÓN	0
TELECOMUNICACIÓNS	0
INCENDIOS	0
XESTIÓN DE RESIDUOS	0
SEGURIDADE E SAÚDE	0
CONTROL DE CALIDADE	0
13% GASTOS XERAIS	29.956,30
6% BENEFICIO	13.825,99
BAIXADA DA ANTERI ADXUDICACIÓN	784,62
TOTAL	275.000

TERCEIRA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o concello presentará con carácter previo á sinatura do convenio o orzamento da obra e a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para as mesmas actuacións, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita pola representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Declaración responsable do cumprimento da obriga establecida no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades

locais galegas, en canto ao cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

d) O concello deberá aportar con carácter previo á formalización deste convenio testemuña do acordo adoptado polo órgano municipal competente sobre a disposición, libre de cargas e gravames, de tódolos terreos necesarios, con usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levala a cabo.

CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento do investimento que ten previsto desenvolver o Concello de Riotorto no ano 2026 é de 1.242.221,10 € dos que 900.000€ son financiados polo convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Riotorto para o financiamento da construción da residencia de maiores do Concello de Riotorto, en desenvolvemento do plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia, financiado pola Unión Europea, NexgenerationEU, nos exercicios 2024 e 2025 e que foi asinado o 2 de setembro de 2024.

Para o cumprimento da finalidade descrita na cláusula segunda deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade aportará **douscentos setenta e cinco mil euros (275.000,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.05.312E.760.0 (código de proxecto 2015 00491)** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Segundo a Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de investimento recollidos na cláusula segunda. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Tendo en consideración que o importe total concedido excede os límites previstos no artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, a concesión de dita subvención requirirá autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

QUINTA . *Obrigas da entidade beneficiaria*

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Política Social e Igualdade, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, someterse á comprobación material do investimento, á que se refire o artigo 60.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que realizará a Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria.
- e) Comunicarlle a Consellería de Política Social e Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á a entidade

beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

j) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

k) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Asemade, o Concello de Riotorto, en tanto que entidade beneficiaria dunha subvención, estará obrigado a subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.

3. O Concello de Riotorto comprométese a tramitar, impulsar e levar a cabo todas as contratacións necesarias para que o investimento a subvencionar a través deste convenio se poida levar a cabo. Tamén se compromete a presentar ante a Dirección Xeral do Maiores e Atención Sociosanitaria da Consellería de Política Social e Igualdade, os contratos de obra, ou prestación do servizo que correspondan e a resolución de adxudicación do contrato, así como todos os xustificantes dos custos derivados da execución do dito investimento.

SEXTA. *Compatibilidade con outras subvencións*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular o Concello de Riotorto, nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 50% do importe total da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 50% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades que conforman o programa a subvencionar a través do convenio e achegando a documentación indicada na cláusula oitava.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

OITAVA. *Gastos subvencionables e xustificación*

1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
2. O concello de Riotorto está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados de conformidade co establecido no Decreto 193/2011, de 6 de outubro.
3. O Concello de Riotorto está obrigado a xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade, o cumprimento das actuacións que se subvencionan a través deste convenio, a realización destas e o seu custo real mediante unha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto efectuado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Segundo o disposto no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a conta xustificativa conterá:

- a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - 1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas obxecto de subvención a través deste convenio e dos resultados acadados.
 - 2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ás actuacións subvencionables, coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será exigible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actuacións con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Asemade, xunto coa conta xustificativa, no caso de opoñerse á súa consulta, deberase achegar declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedora por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. En todo caso o prazo da xustificación total da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2026**.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á subvención e a procedencia do reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. Subcontratación

O Concello de Riotorto é o beneficiario directo da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución das obras de construción dunha residencia, fronte á Consellería de Política Social e Igualdade. Non obstante, autorízase a subcontratación de ata unha porcentaxe do 100 % do importe total do proxecto financiado a través deste convenio, para a debida execución da construción, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización vén motivada pola falla de persoal en plantilla necesario para a execución da obra de construción prevista na cláusula primeira.

O Concello de Riotorto, no seu caso, comunicará a subcontratación á Consellería de Política Social e Igualdade. Para estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

A subscripción do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións subvencionables, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións a subvencionar a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos das actuacións obxecto de subvención a través deste convenio, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actuación a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Non obstante, os gastos das accións englobadas nas actividades a subvencionar a través do presente convenio que realizase o concello dende o 1 de xaneiro de 2026 ata 10 de decembro tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica de protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace

<https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA.- *Modificación e resolución do convenio.*

a) Modificación do convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da presente concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

b) Resolución do convenio.

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos de aqueles que motivaron a concesión da subvención.
- O transcurso do tempo fixado sen que se execute o proxecto obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fóra o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de demora acumulados dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde a orixe do reintegro.

DÉCIMO SEXTA. *Comisión mixta de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes do Concello de Riotorto, designados por cada unha das persoas representantes das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SÉTIMA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes.

Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e Igualdade

O alcalde do Concello de Riotorto

Fabiola García Martínez

Clemente Iglesias González